

## Presentación da materia/módulo

<b>Materia</b>	<b>Lingua Castelá e Literatura</b>	<b>Curso</b>	<b>2º ESO</b>
----------------	------------------------------------	--------------	---------------

### CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

<b>1ª avaliación</b>	<p><b>UNIDADES 1, 2 e 3</b> Lectura, comprensión e composición de textos. <b>A linguaxe e as linguas:</b> realidade plurilingüe de España, a variedade dialectal do castelán; os prexuízos estereotipos lingüísticos. A linguaxe dos signos. <b>Gramática:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación das categorías gramaticais predominantes nas diferentes tipoloxías textuais: substantivos, adxectivos, pronomes e determinantes. Distinción entre a forma e a función.</li> <li>- Procedementos de formación de palabras. Cambios de categoría gramatical.</li> </ul> <p><b>Léxico e semántica:</b> valores connotativos e denotativos segundo o contexto e a intención. <b>Educación literaria:</b> O xénero narrativo.</p>
<b>2ª avaliación</b>	<p><b>Unidades 4, 5 e 6</b> Lectura, comprensión e composición de textos. <b>Comunicación:</b> os textos expositivos. O texto e as súas propiedades. Os mecanismos de cohesión. Os textos dialogados <b>Gramática::</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación das categorías gramaticais: verbo, adverbio, preposición e conxunción. Categorías gramaticais que aportan cohesión e adecuación aos textos.</li> <li>- Recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: deíxe (persoal, temporal e espacial); recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación.</li> <li>- Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais)</li> </ul> <p><b>Léxico e semántica:</b> Mecanismos léxicos de cohesión (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses). <b>Lingua e sociedade:</b> Identificación e rexeitamento de usos discriminatorios e sexistas. <b>Educación literaria:</b> comparación entre textos pertencentes a distintos xéneros e subxéneros literarios. Análise e creación de textos literarios variados.</p>
<b>3ª avaliación</b>	<p><b>Unidades 7 e 8</b> Lectura, comprensión e composición de textos. <b>Lingua e sociedade:</b> xéneros discursivos propios do ámbito social. Textos dos medios de comunicación e as redes sociais. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. <b>Coñecemento da lingua</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A oración simple. Relación entre o esquema semántico e sintáctico da oración simple. Orde das palabras e concordancia.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor; procedementos de modalización.</li> <li>- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito.</li> </ul> <p><b>Educación literaria.</b> Comprensión, análise e creación de textos líricos.</p>

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:	Peso
Traballo diario dentro e fóra da aula	10%
Exame de avaliación	50%
Control	20%
Tarefa por avaliación	10%
Obra de lectura	10%

### TRABALLO DIARIO: Valorarase:

0,5 polo traballo realizado na casa (traer feitos os exercicios que se piden; facer as revisións e as corrección oportunas dos mesmos cando se corrixen na clase). 0,5 polo traballo realizado na aula (seguimento das explicacións, participación, preguntar dúbidas, saír voluntario/a nas clases)

### EXAMES:

En cada avaliación farase un exame no que entrará a materia de todo o trimestre; valorarase sobre 5. Poderase descontar ata 0'5 puntos por erros de ortografía reiterados e/ou redacción (0,1 por cada dúas faltas nas grafías; 0,1 por cada dous erros nos signos de puntuación; 0,1 por cada dous fallos de redacción; 0,01 por cada falta na acentuación das palabras).

### CONTROL:

Realizarase un control, aproximadamente a mediados de cada trimestre, sobre a materia vista ata ese momento e cunha puntuación de 2 puntos.

### OBRAS DE LECTURA:

Terán que facer unha lectura obrigatoria por avaliación:

- 1ª avaliación: *Campos de fresas*, Jordi Sierra i Fabra.
- 2ª avaliación: *Eskoria*, Alfredo Gómez Cerdá.
- 3ª avaliación: *Nunca seré tu héroe*, María Menéndez Ponte.

Sobre cada unha deberán realizar un control de lectura polo que poderán acadar ata 1 p.

### TAREFAS:

En cada trimestre realizarase unha tarefa, que se puntuará sobre 1 e que se terá en conta tamén a final de curso para valorar a adquisición das competencias clave. O traballo realizarase de forma individual, en parellas ou en grupos máis amplos; consiste na elaboración de textos de tipoloxías variada seguindo as pautas indicadas.

A nota da avaliación será a suma de: nota do exame de avaliación, nota do control, nota pola(s) tarefa(s), nota polo traballo diario dentro e fóra da aula e nota sobre a lectura obrigatoria. Aprobarán aqueles alumnos/as que acaden unha nota  $\geq$  5.

A nota final da materia na convocatoria ordinaria será a media aritmética entre as tres avaliacións.

O alumnado que non consiga o aprobado mediante este procedemento terá dereito a unha proba de recuperación na que entrarán todos os contidos do curso. Para aprobar a materia será imprescindible sacar unha nota igual ou superior a 5. \*\*

\*\* **OBSERVACIÓN:** este aspecto podería sufrir modificacións, como ven ocorrendo nos últimos cursos, dependendo das instrucións sobre o final de curso que cheguen desde a Consellería.